PATRIMONIO CULTURAL

Entendemos por patrimonio cultural, a herdanza cultural propia do pasado dunha comunidade, que se transmite as xeracións presentes e futuras e que constitúe o medio fidedigno para corroborar unha historia que foi e seguirá sendo contada por cada un dos nosos pobos.

San Cibrao en sí é un auténtico museo ao aire libre esculpido en granito, que atesoura gran beleza en cada un dos seus recunchos. O seu casco urbano de singular beleza e declarado patrimonio cultural, as súas casas soleiras, pazos, igrexas, cruceiros,... a heráldica moi presente en cada unha das casas que no seu tempo tiveron unha gran importancia e foron deixando constancia de elo nas súas fachadas, decoradas con escudos emblemáticos e moi estudados por historiadores e curioso. A pedra é un símbolo en sí que identifica claramente o poderío de este pequeno lugar. Sempre foi un lugar de xente adiñeirada, foron dos primeiros en cultivar a vide, e posuían extensos terreos cheos de viñedos. As xentes dos pobos do redor viñan de xornaleiros a traballar as terras dos señores. Na década dos cincuenta, era coñecido polo pobo dos mestres, porque en cada unha das casas de San Cibrao había un ou varios mestres. O estatus económico que tiñan, permitíalle as familiar os estudos dos rapaces. Estudos que a súa vez xeraban un estatus social, digno de admirar e ser contado polos veciños de pobos pretos. Neste pequeno pobo mestúranse a perfección diferentes estilos artísticos que foron dando forma ás edificacións que hoxe en día se atopan en perfecto estado de conservación. Claro exemplo do románico atopámolo na capela do Santo Cristo, situada no que antigamente se considerou o núcleo do pobo, a redor do cal se erguían as vivendas dos veciños, para ir dando forma a un núcleo de poboación que foi en aumento, e que aínda hoxe segue incrementándose grazas as novas urbanización que se constrúen moi preto del, así como a urbanización de Fonteboa, O Piñeiral, Gonoba e o Madrigal. O románico foi una dos estilos que imperou en Europa durante os séculos XI, XII e parte do XIII e que está moi presente nas sete parroquias de San Cibrao. Para chegar a capela, o concello reparou os accesos con lastras (adoquín), para que esa zona de paso non perda nin un ápice do carácter antigo e a vez funcional que a caracteriza.

O patrimonio cultural clasificarémolo en:

- **ARQUITECTURA RELIXIOSA**: igrexas, capelas.
- **ARQUITECTURA CIVIL**: casas reitorais, casas brasonadas, pazos, pontes e fontes.
- **ARQUITECTURA POPULAR, TRADICIONAL**: cruceiros, petos das ánimas, e construcións populares tales como fornos, lavadoiros e hórreos.

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Falar de arquitectura relixiosa é poñer en valor o deseño e a construción de espazos de culto e de oración sagrados. Ao longo dos tempos, as culturas que foron colonizando as nosas terras, foron deixando unha impronta gravada que perdura século tras século. Dedicaron gran cantidade de tempo, esforzo e recursos materiais en lograr verdadeiros museos ao aire libre, que contan moito máis do que se puidera pensar naqueles tempos. O traballo que queda na pedra, fala dos seus canteiros e da súa forma de traballo. Obras de arte que se erguían no pasar do tempo cun gran valor arquitectónico. Pezas únicas en moitos dos casos que eran labradas por mans de auténticos xenios, xenios que buscaban en cada pedra darlle o seu merecido recoñecemento, mestura de xenuína orixinalidade e auténtica beleza.

Podemos dicir sen lugar a dúbida que son as únicas construción que permanecen case intactas e que mellor conservaron os seus habitantes, por ser un lugar de celebración común do cristianismo.

Hoxe en día, estas construcións relixiosas dannos a man para que sexamos nos os seus coidadores e podamos conservalas a par que deixar tamén o noso modo de vida, a noso facer nelas. Son obras que permiten que o ser humano tome parte nelas, como auténtico creador dende os seus comicios. Un selo que futuras xeracións verán e estudarán, uníndonos así a un pasado recente que nunca deixaremos esquecer.

PARROQUIA DE SAN ILDEFONSO

Neste área xeográfica conviven en harmonía e perfecta sintonía diferentes estilos arquitectónicos, como o románico e o renacentista. Conta cun exterior sinxelo, e destaca pola decoración da súa portada. A igrexa patronal data de entre os Séculos XVI-XVIII, de estilo claramente renacentista con portada plateresca, está asentada sobre os cimentos do que podería ser unha construción romana.

A portada conta cun arco de medio punto entre pilastras talladas e con doelas decoradas con motivos xeométricos. No seu tímpano debemos destacar unha venera de gran dimensión. Un rosetón circular se ergue por riba da porta principal e que rompe a robustez da fachada e contribúe o seu dinamismo. O lintel atópase decorado con secuencia de cabezas, con frontón clásico. Coroando o fontispicio (hastial) érguese unha cruz antefixa de singular beleza. Adosada ao lateral, a torre do campanario con tres corpos para oito campás, na actualidade solo dúas campás replican o son do vello aceiro. No seu interior destacaríamos un cristo gótico e unha inmaculada barroca ademais da cruz parroquial, peza do S. XVII, obra de Platero Isidro Montanos (1687).

A **capela de San Roque**, vira dende o alto de San Cibrao ao pobo e agarda o seu momento para encher de fervor os corazóns dos devotos ao San Roque. Co paso do tempo sempre se intentou

por os veciños preparar a capela, incluso se picaron as paredes de cemento, descubríndose así a pedra que hoxe en día recubre a capela. Foi sobre o 1997, cando os veciños xuntaron cuartos para preparar o teito e eliminar humidades. D.Ricardo veciño de San Roque foi o encargado de restaurar o altar. A talla de San Roque enviouse polos veciños para ser restaurado en Celanova.

No núcleo de San Cibrao, camiñando por terreo empedrado atopámonos cun claro exemplo do románico rural na **capela do Santo Cristo**. Data do século XII, o modo de construción é sillería isodoma. De planta rectangular e cunha soa nave e tellado a dúas augas. Conta cunha porta principal e outra auxiliar polo lateral dereito. A porta de acceso á nave está composta por un arco de medio punto con grandes doelas de pedra. A ambos laterais podemos observar os canzorros, como elementos decorativos exteriores.

Na parte superior, atópase unha espadana de dous arcos para a campá. O presbiterio é bastante estreito e atópase situado baixo o corpo da nave.

PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE RANTE

Adentándonos no pobo de Rante, unha fermosa igrexa de arte románico nos indica onde se celebra o culto a San Andrés. O seu modo de construción é sillería isodoma. De planta rectangular, con cuberta a dúas augas. A porta central de acceso conta cun arco lixeiramente apuntado. Tamén atopamos na fachada unha fiestra con arco de medio punto. O campanario ten oco para dúas campás. Reconstruída no século XVII, posúe unha virxe sedente en pedra gótica. Si viramos a nosa vista cara o teito do templo, podemos atopar o único e claro exemplo

do *Agnus Dei*, "o cordeiro de Deus" figura simbólica do arte cristiá. Símbolo de martirio. Representa o sacrificio de Xesucristo na Cruz. Trátase da imaxe dun cordeiro, que ben pode representarse de pe sostendo un estandarte ou tombado cando se representa ferido ou degolado. Este cordeiro en calquera das dúas representacións, aparece coa cabeza aureada, e

cunha ferida de lanza no peito. Este signo cristiá procede das primitivas comunidades que sufriron persecucións na época dos romanos.

A igrexa atópase perfectamente amurallada, recollendo tras os seus muros a igrexa, o cemiterio e un edificación de planta baixa que pertence a casa parroquial.

PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE SOUTOPENEDO

Parroquia situada na zona máis occidental do municipio conta varias aldeas que recollen un amplo patrimonio relixioso entre capelas, cruceiros e unha fermosa igrexa que data do século XII situada nunha zona de gran elevación de terreo, dende a cal se divisa o concello de Barbadás, e parte do pobo de Vilanova.

A **capela de Santa Ana** sitúase en Vilanova, é unha capela construída a modo rectangular, cunha nave central cuberta a dúas augas. O modo de construción é sillería encintada con morteiro de cemento branco. A fachada é moi sobria, cunha porta principal, carente de arcos e con ocos a modo de fiestras , un a cada lado da porta, dispostos simetricamente e baixo os cales esperan uns bancos de pedra, adosados a fachada da capela. A espadana é dun só vano cunha campá, e rematada por unha cruz latina. Esta construción está inmersa nun fermoso campo arroupada por grandes carballos e castiñeiros que dan acubillo os fregueses que ata aquí se acercan nos meses de maior calor, para celebrar a romaría da súa Santa, que coincide co 26 de xullo. Esta romaría era de sobra coñecida polos seus veciños e por os veciños dos pobos de redor, que acudían a ela dende a década dos 40, hasta os nosos días, que se teña constancia. De ven lonxe chegaban as xentes a celebrar a Santa Ana, andando, en burro, en carro de bois, en coches,...

Traían a comida feita das casas en cestas de madeira o viño gardado en garrafóns e gaseosas para os máis pequenos ou auga da fonte, para despois da procesión e misa solemne poder sentarse na explanada de detrás da igrexa e comer e beber todos xuntos, e tras a comida poder xogar, rir, bailar, tocar algún instrumento amenizando o relax dun día que quedará marcado nos nosos tempos, grazas a fotografía. Fotografías que nos permiten admirar a beleza do sinxelo, a grandeza dunha felicidade inmaterial que xorde da unión dos pobos e das persoas. Xentes que conseguiron seguir unha tradición no tempo, tras os pasos dunha fe que nunca se murchou.

A capela dos Remedios en Penedo garda unha gran similitude arquitectónica coa capela de Santa Ana.É moi sinxela e atópase situada na praza do pobo. A sinxeleza do exterior nada ten que ver coa grandeza que garda no seu interior, posto que a pesar das súas dimensión, todos os recunchos da mesma están decorados coas mellores imaxes e tallas máis representativas, todo elo perfectamente iluminado grazas a luz natural e artificial coa que conta. A súa celebración coincide co 8 de setembro, xa entrados no outono climatolóxico.

Se a pesar de todo, aínda non conseguimos abraiar ao visitante, tan solo camiñemos uns pasos máis e miraremos ben para arriba en busca dunha fermosa igrexa con moita historia, e testemuña directa dende as alturas, do traballo e do día a día de moitos dos seus veciños.

É en Soutopenedo onde os nosos pés se deteñen, o noso corazón admira e a nosa mente acelera o ritmo dos nosos pensamentos en busca de preguntas. Unha obra arquitectónica do noso pasado, concretamente do século XII, pertencente a época romana é a que consegue espertar o noso interese, a nosa curiosidade por seguir descubrindo lugares con encanto. É unha igrexa de planta basilical sobre a que se asenta unha torre de tres corpos. A súa fermosa torre barroca , posiblemente do século XVIII, permítenos admirar posiblemente a balaustrada máis fermosa de todo o Concello, rematada en cada unha das esquinas con pináculos de bola, en granito macizo. O tellado a dúas augas, deixa ver unhas pequenas e fermosas gárgolas, que se empregaban para aliviar as augas de choiva, aínda que como todo existen diferentes teorías sobre o seu uso, así podían simplemente decorar , ou afastar os males espíritos ou repeler aos infieis do campo santo. Se observamos a igrexa polos laterais ou incluso pola parte posterior da fachada, apreciamos claramente que a altura da mesma non é como tiñan pensado cando se puxeron a

construíla. Algo sucedeu que os obrigaron a parar a construción da nave, en altura, deixando a vista parte do que sería a igrexa por dentro.

No seu interior os retablos salpican dende o principal e máis maxestoso ata os demais secundarios situados nos laterais e non por elo de menor importancia, xa que conta con tallas únicas de gran beleza e dimensións considerables. Destacamos a cruz procesional obra de comezos do século XVII debido ao célebre orfebre Rosendo e al magnífico cordobán do frontal.

PARROQUIA DE SANTA COMBA DE GARGANTÓS

Situada entre as parroquias de Rante e Soutopenedo, e arroupada na súa zona máis meridional polos concellos de Taboadela e A Merca, Santa Comba de Gargantós descúbrenos novos encantos que conseguen permanecer neste concello ata empaparnos de sabedoría e tradición, porque como din as súas xentes "os ollos nunca se cansan de ver fermosuras e os oídos de escoitar as súas historias".

No recuncho máis insólito, arroupada por un conxunto de casas de pedra dispostas nos laterais dunha pequena estrada,atopamos unha pequena igrexa de estilo neoclásico . Arquitectonicamente falando conta cunha soa nave con cuberta a dúas augas. Fachada sobria con espadana e dous vanos con ocos para dúas campás. Portada principal alintelada.

A igrexa cerra en sí un conxunto no que se inclúe a casa reitoral, extendida ao longo dun dos laterias do campo santo, dunha soa pranta con cuberta a dúas augas e revestida con tella curva, a cuberta prolóngase pola parte posterior formando un pórtico apoiado sobre columnas de pedra. No interior da casa reitoral atopáronse uns sepulcros antropomorfos realizados en sábrego. É unha das curiosidades que se encerran entre estas catro paredes, abandoadas xa fai moito tempo polo anterior párroco e que permanecen intáctas dende o seu descubrimento.

Estos elemetos funerarios non están catalogados concretamente nun período de tempo, aínda que póden pertencer ao período tardorromano, ou quizáis ao altomedieval. Os investigadores adoitan asociar esta modalidade de inhumación, ás comunidades cristiás medievais. Os sepulcros funerarios excavábanse en rocha granítica según o formato do corpo humano da persoa que se enterraba, sempre en posición decúbito supino. O defunto amortaxábase e enterrábase nestas tumbos que a súa vez facían de ataúde e fosa. Como era costume neste tipo de sepulturas, a parte

superior onde descansa a cabeza do difunto estaba orientada caro o oriente ou naciente, e dicir por onde sae o sol, lugar polo que supoñían aparecía Deus, o día do xuízo final para liberar a súa alma e descansar en paz, según os cánones cristianos da época. Un pequeno inciso para aclarar a evolución destas pezas antropomorfas, que conseguiron revolucionar a historia dos enterramentos dende a antiguedade ata os nosos tempos.

Entre os séculos VIII-IX teñen forma de bañeira. Entre os séculos IX-X, as tumbas ofrecen un redondeamento na parte superior da sepultura para aloxar a cabeza do difunto, seguindo a peza granítica cunha forma rectangular para albergar o resto do corpo. Entre os séculos X-XII, inclúense laxas.

PARROQUIA DE SANTA CRUZ DA RABEDA

Limitada pola parroquia de Pazos de San Clodio na súa cara Norte e pola parroquia de San Salvador de Noalla pola súa cara oeste, está situada no extremo máis oriental do concello, dando pé e servindo de acceso aos concellos veciños de Paderne de Allariz e o de Taboadela.

Conta cun especial atractivo, como xa avanzaremos máis a diante, como é o Camiño do Santiago Apóstolo, que recorre no seu tramo do camiño Sanabrés, parte de esta parroquia, atravesando pobos, como o de Santa Cruz e A Castellana.

Nunha parroquia, onde os seus veciños son fervorosos devotos da virxe da Santa Cruz, celebrada todo os anos o 3 de Maio, agarda, entre as naves do polígono e o propio pobo, a igrexa erguida no seu nome. Igrexa peculiar onde as haxa xa que conta cunha imaxe da Santa tallada en pedra no frontal da mesma. Son os veciños de A Carballeira, A Mioteira, Valiñas, Santa Cruz, A Castellana, Buinte, Calvos os encargados de venerar e honrar a Santa Cruz.

En canto a arquitectura, é unha igrexa de planta basilical, a sancristía sitúase na marxe esquerda. A fachada é de estilo neoclásico. Espadana de dous vanos con ocos para dúas campás, coroada cun pequeno frontón sobre o que se asenta un vano central e grazas o cal érguese unha sinxela cruz prismática. A porta da entrada atópase alintelada e sobre a cal, observamos unha cruz grega, unha fornela coa talla da virxe, e un ollo de boi suficientemente grande para poder acceder a luz cara a tribuna. Esta igrexa como moitas outras conta no seu adro,moi próximo a entrada da mesma, cunha sepultura baixo as escadas que dan acceso, para poder ser enterrado o cura da parroquia.

No seu interior cabe destacar unha talla da Virxe da Dolorosa e un Ecce Homo, barrocos, obras moi boas e que se atopan en un inmellorable estado de conservación polo párroco e veciños.

Como en case todas as igrexas e capelas do concello, os bancos para os fregueses foron postos recentemente polo que aínda se conservan perfectamente.

Unha pila bautismal de grandes dimensións atopámola nun dos laterais da igrexa.

Nos exteriores do recinto, conta cunha fonte de pedra, que da servizo a igrexa, e bancos de pedra para servir de asento as súas xentes nos días de procesión, no que a igrexa se enche de veciños e quédase pequena para todos. Tamén un cruceiro serve de guía, indicándonos que fronte a il, érguese a casa reitoral, xa que non está situado nunha encrucillada de camiños. A datación cronolóxica non é posible, aínda que se supón que foi construído despois de facerse a casa reitoral. Sobre unha grada, aséntase a base prismática, con remate decorado e biselado. Enriba deste disponse o varal cilíndrico, estriado lonxitudinalmente. O fuste está coroado na súa parte superior por un capitel corintio moi decorado sobre o que se ergue unha sinxela cruz prismática carente de imaxes.

Onde se edificou a igrexa, os terreos de arredor eran privados, polo que entre a igrexa e os veciños fixeron cambios de modo que se puidera obrar un cemiterio neles propiedade finalmente da igrexa. Nun dos terreos que agora é cemiterio, situábase a casa do pobo, onde a xente se reunía e os nenos xogaban.

Costa moito afastarse dun pobo que en tan pouco deu tanto ao visitante. A amabilidade das súas xentes , a bondade coa que se acolle ao peregrino por estas terras, conseguen espertar certa tenrura coa que vale a

pena explorar novos terreos.

Cargados de moitas cousas boas e de miles de sorrisos, partimos cara outras terras que seguirán sorprendéndonos e dándonos máis do que pensamos recibir.

PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE NOALLA

Parroquia que xunto coa de Santa Cruz da Rabeda, conforman o corazón do polígono, e que a pesar de ser unha rede de comunicacións en case tódalas dirección, permitíronlle ao tempo gardar os seus mellores segredos patrimoniais. Transitadas ao día por millóns de vehículos motorizados, contan estas terras máis do que se deixa ver a simple vista. Porque a pesar da modernización dos nosos tempos, séguense conservando os primeiros recordos dun gran pasado, moi querido e respectado polos seus veciños.

Moi preto dos concellos de Ourense polo Norte e Taboadela polo Sur, San Salvador de Noalla conta con dúas igrexas, unha capela, tres cruceiros e un peto das ánimas no sentido máis relixioso que contan as pedras da súa historia.

A actual igrexa parroquial atopámola en Ponte Noalla, pero non é aí onde se fundou a primeira lousa de pedra granítica para erixir o seu lugar de culto, se non que foi en Noalla de Abaixo, onde aínda se conserva e se lle da uso. A antiga igrexa parroquial o redor da cal se comezaron a edificar as primeiras casas, sitúase nun dos cumios de maior elevación poboado do polígono barreiros, sobre o cal divísase o parte do mesmo, ata incluso parte de San Cibrao. Alí atopamos o cemiterio onde son enterrados os seus veciños de Noalla, Ponte Noalla, Castroverde, Reboredo, e A Veiga. Unha igrexa pequena de estilo neoclásico, de planta basilical con cuberta a dúas augas, fachada con cerramento de cantería granítico. A porta de acceso atópase alintelada, nos extremos da fachada principal atopamos pináculos de bola granítica, na cima unha espadana dun so vano con dúas campás, dirixe a cruz cristiá cara a cima. No seu interior destacamos unha talla de Santa

Águeda , onde se pode apreciar a mao do Mestre de Sobrado, escultor do século XVI, de estilo manierista.

Sen embargo a actual igrexa parroquial de Ponte Noalla, conta cun estilo claramente modernista en pedra con columnas de formigón, abovedada no seu interior por vigas de madeira de eucalipto. Conta cunha planta exagonal.

En sentido oposto ao lugar de culto, atopamos os cruceiros, o mais moderno atópase en Noalla de abaixo lugar onde descansa a antiga igrexa parroquial, e o cruceiro máis antigo sitúase fronte a igrexa máis moderna. Un cruce de contrastes que non resta nin un ápice o fervor das súas xentes, máis ben incrementan o seu valor, dándolle un significado diferente.

Falar de Ponte Noalla, e falar de tradición. Unha tradición é todo aquilo que a pesar do paso do tempo,séguese a transmitir como unha costume entre as xentes, de modo que se conserve intacto ata os nosos días. Mención especial damos a todos esas xentes que conservan no recordo dos seus veciños e visitantes unhas alfombras florais dignas de ser visitados o día do Corpus Christi.

Como cada ano por o 4 de Xuño, veciños de Ponte Noalla e arredores reúnense para elaborar os tapices florais por onde pasará a Custodia. O Corpus Christi enche de fervor os corazóns de estas persoas, logrando unha unión e cooperación que ano tras ano se intensifica e consolida. No 2015, foi o noveno ano no que se levan a cabo. Incluso familiares de fora, acércanse nestas

fechas para colaborar en esta tradición e retomar vellas amizades mentres decoran con pétalos de cores o chan. Novas incorporacións axudan a facer máis liviá unha tarefa que se perfecciona no silencio, con amor e moita forza de vontade cada ano. Os preparativos comezan días antes. É na madrugada do sábado para o domingo o momento cumio para a súa confección. Unha noite en vela que dará os seus froitos no amencer dun novo día. Axudados de luz artificial, baixo unha noite fría e escura, os veciños quentan a explanada da igrexa coa súa paciencia e o seu bo facer.

As flores engalánanse nos xardíns das veciñanzas próximas, para participar neste festexo. Unha diversidade de flores, compoñen motivos xeométricos, florais e relixiosos. O adro da Igrexa amence solemnemente alfombrado para recibir á procesión do Santísimo Sacramento. Os raios de sol timidamente pósanse en ditos mantos dándolles máis enerxía aos seus debuxos e positividade aos participantes da mesma en plena finalización das súas creacións. Coa súa unión superan calquera tipo de adversidade; tanto climatolóxicas como estacionais, facendo fronte a todos os avatares do momento. Sen dúbida, a maior beleza das alfombras reside no valor do traballo en equipo, realizado dende a fe e o cariño a unha tradición que marca profundamente o espírito dos veciños do municipio. O resultado de tanto atafego son obras de arte destinadas a unha vida efémera, xa que, pouco tempo despois de finalizalas, iranse desfacendo ao paso da procesión do Santísimo, quedando un fermoso recordo na memoria dos participantes e das persoas que se acerquen a contemplalas e participar deste momento tan tradicional.

É en Reboredo, onde agarda una capela de estilo románico, presidida pola virxe dos remedios e que se engalana tódolos anos polo 8 de Setembro. Capela dunha soa nave coa sancristía no seu lateral dereito con acceso propio. A fachada con espadana dun só vano. Cun pequeno campanil rematada en cruz cristiá de pedra granítica. A porta de acceso conta cun arco de medio punto. No seu interior conta con verdadeiras reliquias de arte medieval. Custodiada no seu tempo por una antigo peto das ánimas, que por cuestións de espazo foi cambio de sitio. Sendo trasladado para a rúa principal, a modo de praza.

PARROQUIA DE PAZOS DE SAN CLODIO

O 3 de Febreiro, Pazos de San Clodio engalana as súas rúas para recibir a santa procesión e conmemorar unha data clave para os veciños e veciñas. Pazos de San Clodio é a parroquia máis setentrional xunto coa de San Cibrao, e que se aproxima a Ourense e linda co Pereiro de Aguiar.

A igrexa situada entre o pobo e o polígono industrial, conta cun estilo claramente románico, atribuído ao século XII. Destaca a asimetría da fachada.

Igrexa románica que ten un releve pétreo. Con tímpano románico lobulado no que aparece representado a figura de Sansón sentado sobre unha fera que permanece tombada. No fondo da nave, ábrese unha fiestra románica de arquivoltas semicirculares peraltadas.

No testeiro **Agnus Dei** (ano de Deus)con cruz románica de entrelazo e cruz grega. Agnus Dei, no cristianismo, referíase a Xesucristo como vítima ofrecida en sacrificio polos pecados do home, a semellanza do cordeiro que era sacrificado e consumido polos xudeus durante a conmemoración anual da Pascua.

ARQUITECTURA CIVIL

San Cibrao das Viñas posúe ricas e antigas raíces. Unha das súas manifestacións son toda unha serie de construcións salpicadas por todo o concello durante miles de anos, empregando como materia prima a pedra. Coa romanización tamén chegou a cristianización de estas terras e doas pobos que as habitan, e froito diso nace a proliferación de templos, como igrexas, capelas ou hermidas, destacadas obras do románica en moitos dos casos...E posteriormente noutro contexto comezarían a xurdir as construcións civís, como pazos e casas brasonadas, testemuñas da residencia de familias nobres posuidoras de grandes propiedades na zona. DE esas vivenda, na actualidade cabe destacar, que foron rehabilitadas na súa gran maioría e empregadas para uso privado polos seus propietarios.

PARROQUIA DE SAN ILDEFONSO

O concello de San Cibrao conta cunha riqueza monumental de gran valor arquitectónico e turístico da que destacan, no seu ámbito civil, os seguintes monumentos.....

No contexto do renacemento das cidades e do auxe da burguesía, xorden como é lóxico, outras edificacións que xa non teñen carácter relixioso, si non máis ven residencial., como castelos, edificios administrativos, palacios, casas brasonadas, casas soleiras, pontes, fontes,...

Este impulso construtivo, se manifesta como un síntoma do progresivo e longo proceso de emancipación das habitantes das cidades fronte os poderes feudais e eclesiásticos. A nova clase social constrúe casas e crea edificacións para ir afianzando o seu poder e relevancia.

O auxe da arquitectura civil, dáse a partir do século XV e maniféstase nos seguintes anos. Esta arquitectura irase adaptando as necesidades concretas de cada edificación.

A casa Soleira é un claro exemplo de construción propia do século XVIII. Atopámola no núcleo urbano de San Cibrao, nunha das elevación de terreo antes de introducirse no pobo. É unha edificación de sillería, de dúas plantas e base rectangular. Recibe o seu nove posto que a súa galería foi unha antiga soleira. A entrada principal con orientación sur, condúcenos a un patio no cal unhas escadas levantan a galería do andar principal. A galería na zona da dereita do patio atópase pechada. As fachadas norte e leste teñen unha maior altura debido a forte pendente so terreo. Nas fachadas oeste e sur vemos uns balcóns nos seus extremos dereito e esquerdo respectivamente. O material de construción é cantería, aínda con reformas posteriores. Podemos dicir que a restauración está de acorde cos materiais estruturais da época. Conta cun fermoso escudo encastado a un dos seus laterais, obxecto de estudo por moitos.

A heráldica é a ciencia do brasón. Un campo de expresión artística , un elemento de dereito medieval e das dinastías reais ata os nosos días. Desenrolouse durante a Idade Media en toda Europa ata converterse nun código coherente de identificación de persoas progresivamente incorporado por estamentos de la sociedad feudal como la nobreza y la Igrexa Católica para a identificación de liñaxes e membros da xerarquía, sendo igualmente adoptado por outros colectivos humanos, como gremios e asociacións, ademais de ser adoptado para a identificación de cidades, vilas e territorios.

Ao longo da súa xeografía atoparémonos con máis edificación brasonadas con unha longa historia nas súas costas. En san Cibrao varias son as casas que contan cun escudo ou ben nas súas fachadas ou adosados a un dos seus laterais.

Na dentro do pobo chámanos a atención o conxunto de casas de pedra construídas o redor da igrexa e que constitúen un conxunto de vivendas declaradas patrimonio cultural.

Moitas son as fontes que descansan nestas terras, comezando polas máis antigas ata as máis modernas, situadas e lugares estratéxicos que servían de para o regadío das fincas próximas, e en tempos para uso persoal.

PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE RANTE

Dúas son as casas que presentan un escudo e que constan catalogadas como patrimonio cultural polo concello de San Cibrao das Viñas, atópanse ámbalas dúas moi próximas o cruceiro de Rante que ten pousadoiro. Moi preto delas atópase a casa reitoral, ruinosa por desgraza pero que en tempos foi un casarío importante, os seus muros de pedra a delatan, e as dimensión da mesma, podería dicirnos que nela vivía máis dun cura.

En Rante tamén atopamos un núcleo catalogado como patrimonio cultural, consta de un grupo de casa que en tempos foi un pazo amurallado de pedra. Actualmente xa se desfixo este núcleo privado, para converterse en un conxunto de casas moi próximas unhas de outras e de diferentes donas cada unha delas, posto que o propietario foi vendendo partes do mesmo por necesidade.

PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE SOUTOPENEDO

Entrando ao pobo de Vilanova, atopámonos cunha casa con escudo. De planta rectangular con tellado a dúas augas. As cornixas sobresaen levemente da fachada. O escudo coroa a casa entre dúas fiestras. Din as xente dos pobo, que esta casa tivo gran repercusión na época da Santa Inquisición. Esta casa atópase catalogada como patrimonio cultural polo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

É nesta parroquia onde podemos abraiarnos coa fermosura dos seus pazos, dous deles compoñen unha gran paisaxe, ámbolos dous de uso privado.

Na Torre temos un Pazo de planta rectangular, tellado a catro augas, fachada con porta de arco de medio punto con grandes doelas.

En Laxe, o pazo ábrese a un gran xardín con cruceiro, hórreo, e fonte. Os seus interiores están pechados ao público, de forma que o visitante debe contentarse con contemplar a longa balconada e gozar do seu xardín.

Fronte a igrexa de San Miguel de Soutopenedo atopamos a Casa Reitoral, consta dunha edificación de dúas plantas con cuberta a catro augas, o cerramento e de sillería.

PARROQUIA DE SANTA COMBA DE GARGANTÓS

Seguimos a falar de arquitectura civil para referirnos a casa reitoral de Santa Comba de Gargantós situada no centro do pobo, e pegada a igrexa parroquial. Nela atopáronse sepulcros antropomorfos realizados en sábrego. Un achádego importante na súa época e que actualmente se atopa pechado ao público polo bispado de Ourense.

PARROQUIA DE SANTA CRUZ DA RABEDA

Entre as fontes que conforman a nosa arquitectura civil en Santa Cruz da Rabeda,unha edificación de sillería granítica situada fonte a igrexa parroquial centra a nosa atención. Os párrocos que foron tomando posesión católica destas terras, foron acomodándose nas súas estancias de modo que o cambio de vida fora o máis cómodo posible. Na actualidade están en desuso tódalas casas reitorais do concello, ata que o bispado tome parte neste tema.

PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE NOALLA

Una das rutas de sendeirismo que o concello pon a disposición dos seus visitantes e que se coñece co nome de ruta D, permítenos apreciar grandes obras da arquitectura civil que agocha o noso concello, velaí un claro exemplo cando abandonamos o pobo do Condado para dirixirnos a Noalla de Abaixo, e dende o seu cruceiro, inaugurado por D. Manuel Pedro Fernández no ano 2013, observamos a Casa Grande dos Taboada e a antiga casa Reitoral, ámbalas dúas residencial privadas e que se foron adaptadas os seus tempos. A antiga casa Reitoral é a primeira edificación que podemos apreciar tras a N-525. É unha casa de planta rectangular con cerramentos de pedra e cuberta a catro augas. A sobriedade forma parte da súa estética exterior. Cun gran xardín que a rodea, infestado de especies de árbores autóctonos , fermoso hórreo,...

A casa Grande dos Taboada, que pasou a ser o Pazo de Noalla,...data posiblemente do ano 1843. Tamén de planta rectangular de cantería, destaca o torreón posto a un dos laterais da vivenda, conta con hórreo, pombal, capela,...

Edificacións de uso residencial e que dan unha visión da importancia que tivo este núcleo no século XIX.

No pobo Reboredo, atopamos unha casiña antiga pero cunha heráldica, digna de apuntar. É unha casa brasonada de planta rectangular con balaustrada de pedra, muros de pedra encintados de forma irregular. O escudo consta de catro cuarteis: o castelo, o león (armas de Enríquez), árbore, dúas pugas ou esporas acompañadas de dous caldeiros (armas de Puga). Chámanlle a casa de Domingo

Placer, e o seu escudo foi visitado por moitos heraldistas.

PARROQUIA DE PAZOS DE SAN CLODIO

A antiga escola, onde hoxe protección civil leva a cabo as súas tarefas de formación e mantemento.

ARQUITECTURA POPULAR TRADICIONAL

PARROQUIA DE SAN ILDEFONSO

Os cruceiros son unha das máis características manifestacións da arquitectura popular galega e forman parte do que denominamos cultura relixiosa. Construídos xeralmente en pedra, en San Cibrao atopamos dous, un no adro da igrexa de San Cibrao e outro moi próximo pero na capela de San Roque. Ámbolos dous próximos en espazo e tempo. Estas obras arquitectónicas adoitaban situarte en espazos públicos, principalmente en encrucilladas os

cruces de camiños, lugares con elevacións de terreo ou nos adros das igrexas, nas entradas as aldeas e mesmo nos montes. É un dos monumentos máis característicos das nosas terras galegas. Construídos xeralmente con base granítica. Os elementos que os conforman son os seguintes:

-Plataforma, de unha ou máis gradas, Pedestal, Fuste ou varal, Capitel, Cruz.

No adro da Igrexa parroquial érguese un cruceiro sobre plataforma, de tres escadas. Con pedestal troncocónico e fuste acanalado. O capitel encóntrase decorado con cabezas de anxos. Remata cunha cruz, coa imaxe de Cristo Crucificado no anverso e a Virxe das Angustias no reverso.

No lateral esquerdo da capela de San Roque, moi próximo a rúa atopámonos cun cruceiro que data aproximadamente do século XVIII, construído sobre unha plataforma e pedestal cuadrangular, con varal ou fuste octogonal, rematando cunha cruz latina. Este cruceiro xunto coa capela, atópase nunha das zonas de maior elevación do pobo. Contan os veciños máis veteranos do pobo que as primeiras encargadas do mantemento da capela que recordan corría a conta de dona Balbina e dona Catalina, o redor do ano 1941.

PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE RANTE

A benvida á parroquia de Rante, dánola un fermoso cruceiro situado nun dos cruces que une a parroquia de San Ildefonso coas de San Andrés de Rante, e San Miguel de Soutopenedo, nunha área que posteriormente se adaptou para uso recreativo e ocio.

O cruceiro presenta plataforma de cinco gradas, carece de pedestal. O fuste ou varal ten perfil en serra, o capitel está insinuado e remata cunha cruz que representa polo anverso a Virxe das angustias e polo reverso a Cristo crucificado, todo elo en base granítica, rematado cun gusto exquisito.

Na actualidade séguense a esculpir cruceiros similares, aínda que a súa simboloxía estase a perder en certo modo, respondendo máis ben a unha función puramente decorativa que relixiosa. Seguindo por un lado a arquitectura popular pero perdendo por outro lado o valor real do monumento relixioso.

O orixe, podémolos situar na segunda metade do século XIV ou xa no XV. O seu maior desenvolvemento produciuse no século XVII. Aínda que non foron realmente valorados e estudados ata o século XX.

Tras a imaxe de cada cruceiro, agóchanse numerosos detalles e unha gran simboloxía.

A figura principal de calquera cruceiro é a imaxe de de cristo crucificado, coa cabeza lixeiramente caída cara a dereita, con barba, tres cravos e co pe dereito por riba do esquerdo, ámbolos dous sobre o soporte. Sen embargo a simboloxía comeza coa orientación, a figura sempre debe estar orientada ao camiño principal.

A posición das mans de Xesús tamén gardan un gran significado. Se as mans permanecen cerradas é sinal de omnipotencia, no caso de representarse abertas como é na gran maioría dos casos mostran misericordia e se presentan os dedos índice e corazón estendidos, mostra bendición.

A cruz en sí mantén o seu propio significado ao vincular a rendición a través do sacrificio de Cristo, co pecado orixinal.

"Axeónllanse os camiños, abrazados ao cruceiro, nunha azul eternidade de pedra e ceo" (O Cruceiro, de Amado Carballo).

A caveira é unha das imaxes que máis se repite en numerosos ocasións, aparece na maioría dos casos al pé da cruz, o que simboliza o triunfo da vida sobre a morte, como ocorre no cruceiro de San Cibrao.

Adentándonos no pobo de Rante pronto nos atopamos cun fermoso cruceiro con pousadoiro. Situado no cruce entre Santa Leocadia e a Mezquita.

Según conta o pobo, é un cruceiro que mandouno

construír o párroco D. José Rodríguez ao canteiro Don Manuel Insuela Tesouro. A principal función pola que se mandou facer o cruceiro foi para dar un descanso aos portadores da imaxe do patrón da parroquia San Andrés, durante a súa procesión.

Estamos ante un dos cruceiros máis importantes do concello de San Cibrao das Viñas. Pasamos a mencionar con detalle as súas partes:

-**Base**: plataforma graduada de catro gradas cadradas, unha delas parcialmente soterrada polo material da calzada.

-**Pedestal**: cúbico decorando os laterais cos tradicionais atributos da pasión incrustados na pedra: escada, martelo, teaza, caveira, coroa, cravos, lanza.

-**Fuste**: xeométrico, cilíndrico e estriado con curiosa coroa de espiñas na súas metade.Está percorrido por acanaladuras.

-**Capitel**: clásico, decorado con volutas que confrontan as esquinas, baixo as cales hai pequenas caras e sol. Na súa parte superior figura a data da súa construción 1869.

-**Cruz**: palas cilíndricas que conteñen o letreiro de INRI. Un semiarco decora a coroa principal.

Este cruceiro estudado por un dos grandes en Turismo da cidade de Ourense no ano 1987, Juan Andrés Hervella, danos datos moi significativos acerca do mesmo como é o caso das imaxes do cruceiro. De estilo sinxelo e figurativo, este profesional no sector turístico da nosa cidade, cóntanos que se corresponde no anverso coa imaxe de Cristo cunha mirada ao fronte, e co pano de pureza atado ao seu lado destro As palmas das maos de Cristo permanecen extendidas a modo de misericordia. No reverso da cruz, a Virxe apoiada sobre unha pequena cabeza que suple a función dunha peana. Este cruceiro mide aproximadamente 6 metros.

PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE SOUTOPENEDO

Dous cruceiros foron construídos no pobo de Soutopenedo, un na zona da Eirexa e outro na Serra, posiblemente este última

sexa máis antigo que o primeiro. Ámbolos dou situados en cruces de camiños, un e máis sinxelo que o outro.

Son máis de 10.000 os cruceiros catalogados en Galicia, e sen embargo descoñécese o seu orixe e discútese o seu significado. Certo é non son exclusivos de Galicia, pero sí é onde son máis comúns e onde máis importancia lle damos, xa que ademais da súa simboloxía relixiosa, contan moitas lendas as súas costas.

A lenda sobre a Procesión da Santa Compaña:

Nela cóntase que esta procesión de mortos aparece normalmente cerca dos camposantos e vaga ata a casa do futuro falecido pasando por estes símbolos da arquitectura, especialmente nas noites de San Xoán e na de tódolos Santos. A Santa Compaña non terá o poder de capturar a alma do mortal que se cruce con ela, se esta se atopa nos chanzos do cruceiro ou se porta unha cruz consigo e logra esquivala a tempo.

PARROQUIA DE SANTA COMBA DE GARGANTÓS

Un fermoso peto das ánimas, situado na estrada que une Rante coa Mezquita, indícanos que estamos preto dun lugar de culto. Historiadores e etnógrafos sitúan a súa aparición a partir da contrarreforma, datándose os máis antigos no século XVII, aínda que non sería ata o século XVIII cando se construíron con máis profusión. Constuíase coa finalidade de ofrecer esmola de todo tipo; ben sexa de carácter monetario ou a través de produtos agrícolas, as ánimas do Purgatorio, sendo este un lugar de castigo temporal, e pudendo de este xeito alcanzar o Ceo. En compensación, unha vez liberadas estas almas, intercederían por quen realizou a ofrenda.

A presenza da morte nas aldeas do rural galego, sempre foi un elemento de primeiro orde. Calquera morte dun parroquiano afectaba a todos os membros da aldea e parroquia. Salvo cuestións de parentela, a alteración era máis notable se o acontecemento se producía na propia

aldea e diminuía progresivamente se tiña lugar en aldeas máis afastadas ou en parroquias próximas.

Moi próxima a capela evanxélica, érgese un fermoso cruceiro que destaca pola súa cruz evanxélica esculpida en forxa negra.

Despedímonos desta parroquia pequena pero con moito encanto, pero non sin antes mencionar que na estrada que une Rante e a Mezquita a altura da estación de servizo Miravalle, atopamos a sede dun dos movementos evanxélicos que quedan na zona.

Este movemento evanxélico contemporáneo, ten os seus orixes no século XVIII. Aínda que a comunidade protestaste é a principal minoría na relixión en España, as cifras según os lugares de culto, a través do observatorio de pluralismo relixioso en España, son as seguintes: dos 6.125 lugares de culto das minorías, 3.521 son evanxélicas, un 57,49%, seguindo atópanse os musulmáns representando un 21,36 %, e os testigos de Jehová, cun 11%.

PARROQUIA DE SANTA CRUZ DA RABEDA

Dous cruceiros máis situados en cruces de camiños, moi preto da igrexa pero xa no pobo da Carballeira, seguen unha auténtica tradición e dan vida e significado ao noso pasado, entre a modernidade dos nosos tempos. Un deles, de carácter privado aínda conserva a súa base, o que se sitúa na praza do pobo foina perdendo co paso do tempo a medida que se construía a rúa para mellorar as comunicacións, deixándose ver algo da súa base. Ámbolos dous manteñen na súa zona máis alta a imaxe de cristo crucificado e a virxe das angustias. Os capiteis de diferentes estilos dórico e corintio, non son quen de datalos, xa que o cruceiro situado na propiedade privada aínda que resulta ser máis antigo pola decoración, resulta máis moderno que o situado na praza do pobo.

Contan os veciños máis veteranos que antigamente o cruceiro que se atopa no chan da igrexa, moveuse de sitio, posto que o seu lugar de orixe sempre foi nun dos laterais da casa do cura, do outro lado da estrada. Pero unha vez que decidiron arranxar a rúa tiveron que cambialo de situación, acercándoo cara a igrexa, para poder ampliar a rúa e dar paso así, a carros de maior envergadura.

Poucos son os petos das ánimas que presiden o noso concello, concretamente tres, un en Reboredo outro en Calvos e outro finalmente situado en Santa Comba. Cada un diferente en cando a súa decoración, pero todos eles, con tres partes claramente diferenciadas, como son:

-**Unha base**, que sustenta a parte central, nela soe localizarse un pequeno peto escavado que da nome o monumento. Este peto tápase cunha prancha de ferro pechada con un candeado, e nela depositánse as esmolas que se entregan para sufragar misas polas ánimas.

-**Corpo central**, onde se localiza unha cavidade ou fornela, a modo de pequena capela, co edículo da fornela protexido por unha rexa metálica.

-**Parte superior**. Aparecen formas apuntadas no centro, xa sexa a modo de frontón, con formas redondeadas ou barrocas. Os remates poden variar tamén, hainos con unha sinxela cruz, noutros casos aparece a representación dun Cristo e incluso formas máis complexas como remates apuntados típicos de hórreos.

O peto das ánimas de Calvos, atópase nunha das prazas do pobo, preto o centro social. Este peto acórdano aquí xa, os veciños máis maiores do pobo, sen apenas modificacións estéticas. Asentado sobre unha base de pedra que quedou agochada baixo os asfaltos da súa rúa. Consta dun só corpo rematado cun frontón angular e unha cruz cristián no seu cumio. Unha ruda repisa de pedra simula un teito baixo a cal, apoian dúas columnas. Na súa fornela atopámonos cos seus santos, pechada cunha porta pequena de ferro e reixas para evitar calquera tipo de roubo no seu interior. Os veciños decórano diario con flores, téndolle un floreiro aos pes do peto, con flores secas que van cambiando a miúdo.

Moitos son as mensaxes que se deixan ver en moitos cruceiros a maioría cara a zona da costo, onde o seu desenrolo foi maior, exemplo deles son:

"Hermano que vas pasando, mira que
penando estamos, para alivio nuestro,
vuestra limosna esperamos"

Estas construcións comunmente feitas en granito poden adoitar diferentes formas, dependendo das influencias do artista que o creou, e do tempo no que se realizou.

"Un alma tienes y no más, si la pierdes...qué harás"

PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE NOALLA

Moi preto dun cruceiro de estilo modernista situado nunha praza que fai de cruce de tres camiños.

Este cruceiro foi erguido a finais do século XX. Parte dunha base redonda, sobre a que se fai un asento a todo o seo arredor, sobre o que esta colocada outra base redonda, que fai de respaldo o asento. Por enriba xa empeza o cruceiro, cunha base cadrada con arestas adornadas, do que sae un varal cadrado na base, decorado con elementos da pasión, escada, coroa de espiñas, mao e teazas. Despois o varal tornase octogonal e rematando nun capitel decorado con volutas nas esquinas, tres caras de anxo, e una serpe que rodea o capitel, sobre o que asenta a cruz. A cruz semella dúas polas de madeira, que polo anverso ten o Cristo crucificado, cun letreiro: INRI, polo reverso Virxe da Inmaculada, que semella trepar a serpe.

O peto das ánimas como mostra da arquitectura e arte popular galego considerados moi representativos non só no aspecto construtivo e artístico, se non como expresión dunha crenza e devoción de moita importancia en Galicia. Consta de tres partes claramente diferenciadas, e cada pertence a unha cronoloxía diferente como podemos ver na na pedra da imaxe. Base, corpo central e parte superior. No seu interior alberga a imaxe da.

PARROQUIA DE PAZOS DE SAN CLODIO

Nos pobos de Belmonte e Picouto, non hai igrexa como tal para reunirse os veciños os día de culto. Pero si que contan con pequenas capelas o aire libre onde se venera a imaxe do seu Santo. No caso de Belmonte,

construíuse un lugar de culto a modo de altar onde se venera a imaxe do San Antonio. Sitúase na praza do pobo. O tellado é a catro augas, dúas cruces presiden a capela, unha no cumio do teitume e outra sobre a forxa da campá. Un muro e dúas columnas suxeitan a edificación relixiosa dos veciños de Belmonte. Cerra o conxunto unha cadea de aceiro, polos seus tres costados.

No Picouto levouse a cabo o mesmo estilo, pequena construción de pedra a modo de altar con cuberta a catro augas, carente de bancos, e o aire libre, onde se venera a imaxe da Santa Rita. Unha cruz cristiá preside no alto do teitume. Seis columnas e un tabique fan de suxección a este altar improvisado no medio do pobo. A modo de adornos hai unhas bandeiras, unha a cada lado, do Estado Español e da comunidade galega. Presenta unha campá adosada ao frontal, para chamar aos fregueses ao culto. As escadas do altar dan unha gran praza onde se reunen os veciños para orar.

A arquitectura dos cruceiros está presente nesta parroquia de modo que **Pazos** conta con dous cruceiros en ámbalas dúas prazas, un preto a igrexa e outro preto da antiga escola. Neste ultimo aparece a inscrición do 3-2-81, gravada no aspa horizontal da cruz.

No **Picouto** puxeron un recentemente nunha illote preto do campo da festa, e en Valiñas atopamos un nun cruz de camiños, entre o polígono e a estrada que une A Carballeira con Valiñas. Todos eles rematados cunha cruz cristiá principal símbolo do cristianismo.

CONSTRUCIÓNS POPULARES:

- HÓRREOS
- LAVADOIROS
- FORNOS
- MUÍÑOS

HÓRREOS

Procedente do latín “horreum”, para designar a un edificio no que se gardaban froitos do campo, especialmente o gran. A denominación xeral en Galicia é a de hórreo, aínda que tamén se empregan outras según la zona xeográfica onde se atopen, así falaremos de: cabaceiro, canastro, piorno, espigueiro, palleira, celeiro,...entre outros, para referirnos sempre a mesma construción tradicional.

O hórreo en sí, como construción, é unha habitáculo estreito, onde as paredes teñen multitude de buracos para a súa ventilación. Aséntase sobre unhas columnas de pedra granítica, con pes e muros transversais que levan por riba capiteis redondeados que impiden aos roedores acceder ao gran. Construción de pedra e madeira con tella curva, serve para gardar os cereais, principalmente o millo e o centeo. A súa construción veu dada pola necesidade do campesiño de almacenar e conservar as mazorgas do millo, xa que era o principal alimento da casa campesiña e dos seus animais.

Aira das hórreos. Montelongo de

Dependendo da provincia onde se sitúen, a súa forma pode variar considerablemente, van dende a forma circular e cadrada ata a rectangular, considerada na nosa zona a máis común de todas elas. A planta típica galega é rectangular, aínda que as dimensións en canto lonxitude e anchura poden variar; por exemplo estreito e longo, ancho e corto, aínda que a forma predominante é a lonxitudinal. Cando é necesario aumentar a capacidade do hórreo, constrúese en lonxitude, aumentando o número de tramos, pero nunca aumentando o ancho, xa que iso prexudicaría na boa ventilación e o polo tanto no secado do millo.

Estas construcións están situadas en relación á xeografía, por exemplo nas aldeas non están agrupados, senón dispersos entre as casas da aldea. E a súa orientación non segue un orden. Isto cambia cando vemos hórreos situados a marxe dos camiños e dos ríos, neste caso séguese unha liña directriz buscando a mellor ventilación. As colleitas almacenábanse neles, para o consumo cotiá de todo o ano, pero no solo era importante gardar o millo, senón tamén conservalo xa que a humidade do clima non facilitaba a maduración completa do mesmo, polo que é importante que estruturalmente permita unha perfecta ventilación do grao, sempre adecuadamente colocado. En Galicia séguese o patrón de colocar as mazorgas no seu interior sen previa exposición ao sol.

Hórreo en Santa

Actualmente no concello de San Cibrao das Viñas, temos oito hórreos catalogados como patrimonio cultural, situados nas seguintes localizacións:

-Na parroquia de San Miguel de Soutopenedo catro, un en Penedo, outro en Vilanova, unha Aira de hórreos en Montelongo de Arriba e outro en Facheiros con fonte adosada.

-Na parroquia de Santa Comba de Gargantós, un fronte a casa reitoral.

-Na parroquia de San Andrés de Rante, un no camiño que vai ao núcleo de Casanova.

-Na parroquia de Santa Cruz da Rabeda, existen dous catalogados na zona da Carballeira.

-Na parroquia de San Salvador de Noalla, hai un en Reboredo , no camiño que vai cara a capela.

A pesar de todo elo, existen moitos máis espallados ao longo da nosa xeografía sen estar catalogados, pero tamén contan con grandes atractivos, e moitos deles gardan un excelente estado de conservación.

En canto a normativa acerca destas construcións, temos que destacar:

Dende o ano 1973, cando se aproba o Decreto 449/1973, 22 de febreiro, encomendando á Administración Local a súa protección fronte ao abandono existente.

En 1985 a Lei 13/85, 25 de xullo, do Patrimonio Histórico Español, delega a obrigación de conservación, destas construcións, nos seus propietarios.

O Real Decreto 111/86, 10 de xaneiro, do Patrimonio Histórico Español, no que se desenrolan as mesmas obrigan anteriormente pactadas.

E por último e máis actual nos nosos tempos a lei 8/1995, 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, que concede á administración galega a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia.



O hórreo elévase do chan mediante unha serie de pés que permiten darlle altura a estrutura e por tanto unha mellor ventilación. Os pés do hórreo están deseñados para evitar formigas e ratos, animais non desexados para evitar que se derrame a colleita, estas pezas son: as tornaformigas na parte inferior do pe, e os tornarratos na parte superior do pé.

O hórreo no seu interior, consta dunha cámara onde se almacena o gran, xeralmente é de planta rectangular. En canto a altura, a anchura e a lonxitude, varían dun sitio a outro.

Nos catro costados no hórreo, existen numerosas aberturas de ventilación. Esta estrutura esta protexida dos choivas galegas, grazas a un teitume a dúas augas con tella do país. Os extremos do teito adoitan ser decorador con diferentes pezas graníticas, unhas veces xeométricas abstractas e na maioría dos casos unha cruz cristiá preside dita estrutura, a modo de bendición.

LAVADOIROS

Unha gran historia digna de ser contada, abrangue o noso Concello dende Montelongo de arriba ata Valiñas, pasando por... Soutopenedo, Pazos, Outeiro, Laxe, Infesta, Currás, Vilanova, Fonteboa, Noalla de abaixo, Castellana, Mioteira, Carballeira, Pazos de San Clodio e Belmonte.

Do noso pasado falan as pedras que atopamos en fontes, fornos, lavadoiros, cruceiros, ermidas,... agochan segredos, rezos, cantigas, bailes, infinidade de tesouros inmateriais dignos de ser transmitidos a novas xeracións.

Un pasado que non debemos esquecer porque grazas a ese pasado, construíuse o que hoxe en día é o noso presente. Presente salpicado de tradicións en cada un dos nosos pobos. Lendas que narran vidas cargadas de ilusións por un futuro mellor.

Coa mirada posta noutro tempo, observamos as vidas dos nosos antepasados con cariño e nostalxia e coa prudencia de non perder ningún detalle, xa que asentarán as bases dun futuro mellor.

Esta gran historia, ten como única protagonista as mulleres, mulleres valentes con tesón e arraigo que lograron facerse un oco na nosa historia, facendo do cotiá como é o lavado da roupa, algo moi valioso como é o legado histórico que da sentido e valor a nosa arquitectura.

En tempos as mulleres reuníanse para lavar a roupa na beira dun río, nun arroio, nas canles, pozas ou nas fontes, xa que nas casas particulares non había auga corrente, carecían deste prezado ben. Cando lavaban directamente nun río ou arroio, empregaban unha táboa ou lousa con fendas ou relevos para facilitar o refregado da roupa. Pasaban horas e horas lavando na roupa de xeonllos preto da humidade dos ríos coa frialdade das augas recorrendo as súas mans.

As lousas que empregaban, eran de gran envergadura e gran peso, quedaban colocadas nas veiras de ríos ou arroios ata o día seguinte que se necesitaran. O material co que se facían podía ser pedra, granito, cemento ou madeira dependendo do poder adquisitivo da familia de cada lavandeira.

De xeonllos, na veira do río, traballaban sen descanso ata limpar a roupa das súas familias, e das familias as que lle encargaban o lavado da súas roupas.

Proceso laborioso e esgotador que podía durar un día enteiro. Estas zonas de lavado caracterizábanse por a retención de augas co fin de obter pequenos encoros onde poder efectuar as labores do lavado. Colocábanse directamente na beira da corrente fluvial.

Esta situación daría un xiro radical, posto que non hai cambio sen avance, e todas as sociedades avanzamos no tempo. Pouco a pouco foise vendo a necesidade de cambiar esta situación e conséguese ir afastando as lavandeiras das beiras dos regatos para darlle cabida en lugares máis confortables e saudables.

É por iso que se construíron lavadoiros para as xentes dos pobos, en moitas ocasións cubertos e a resgardo das inclemencias do tempo; choivas, tormentas, sol e ventos,... as lavandeiras abandonaron as lousas nas beiras da corrente fluvial onde lavaban a roupa, para gozar dunha maior comodidade. Os lavadoiros xunto coa chegada de novos tecidos como o algodón, facilitaron a tarefa do lavado da roupa. Estes caracterízanse pola súa situación e fácil acceso, sempre próximos a fonte, camiños e sendeiros.

Os lavadoiros como construcións, constitúen auténticas reliquias da arquitectura popular rural. O seu valor antropolóxico é a base do coñecemento para analizar o sistema de vida das pequenas poboacións rurais esparexidas pola nosa xeografía.

O xabón empregado, facíase na casa con auga, sosa, aceite ou graxa, normalmente de porco, da que sobraba da matanza. A maiores engadían esencias para darlle olor. O xabón elaborado así artesanalmente, gardábase nunha caixa de madeira e unha vez endurecía o material, cortábano en pezas cadradas para facilitar o transporte ao lavadoiro.

Dentro da economía base familiar, a fabricación do xabón artesanal para o proceso de lavado, representaba un elemento de autoxestión económica e de elaboración caseira, xa que o nivel económico na maioría das ocasións non permitía outra opción. Posteriormente xa foron aparecendo xabóns comerciais con outro tipo de composicións, véndose así relegado o seu uso, a outro tempo.

Proceso de creación de xabón artesanal. Para facer o xabón, poñían un caldeiro ao lume, e no interior vertíase auga, sosa cáustica e graxa animal ou simplemente o poso que deixaba o aceite de oliva. Tras un par de horas, removendo a mestura, apagábase o lume e seguíase removendo hasta que a mestura temperase. Vertíase nun recipiente e tras o repouso de varios días, cortábase en pezas para a comodidade das lavandeiras.

O proceso que seguían as lavandeiras unha vez chegado ao lavadoiro era moi minucioso.

Para comezar a lavar a roupa no lavadoiro, había que ter en conta que a roupa de cor así como os tecidos menos resistentes non soportaban o efecto da lixivia nin derivados, polo que se levaban a cabo outros procesos:

Nunha primeira pía, votábase a roupa e fregábase co xabón feito artesanalmente hoxe coñecido como xabón ecolóxico polos seus compoñentes. Logo nunha segunda pía, aclarábase.

As prendas unha vez enxaboadas e aclaradas, colocábanse boca arriba durante unhas horas, sobre unha pradaría, arbustos, ou en paredóns próximos. Unha vez seca a roupa, sacudíase fortemente e dobrábase de tal forma que quedara practicamente pasada o ferro. Amoreándoa en cestas de vimbio e transportándoas ao seu lugar de orixe.

No lavado da roupa branca e roupa máis resistente, empregaban outro método máis complexo. Pretendíase conseguir un branqueado intenso polo que o proceso a seguir cambiaba un pouco. Enxaboaban a roupa e despois de moito fregar, púñana ao sol sen aclarar, para posteriormente aclarala e deixala secar ao sol, conseguindo desinfección e brancura.

A lixivia ou cloro limpaba moi ben a roupa, pero co tempo a roupa amarelaba, de aí que se empregara o anil líquido, para evitar ese color amarelo na roupa branca.

Remontándonos no tempo, encontramos outro método para conseguir unha brancura ideal, nel empregábase cinza. Este método é moi antigo e delicado, poucos o recordan. Era laborioso e utilizábase para as roupas da xente do pobo que tiña un alto poder adquisitivo.

Colaban auga fervendo sobre cinza co fin de branquexar a roupa. Colocábase a roupa a remollo formando capas o mais estendida posible nun recipiente de barro, sen xabón, sobre estas roupas colocábase unha tea a modo de coador onde se esparexían as cinzas (unha cantidade suficiente para cubrir a superficie) e pouco a pouco vertíase a auga quente sobre elas. A auga quente disolvía as sales alcalinas contidas nas cinzas. Esta operación había que facela con coidado para non escaldarse.

A auga filtrábase pola cinza e o pano e pasaba ao recipiente, empapando as capas de roupa. A auga que se filtraba pola cinza tiña un efecto de lixivia que era o que conseguía limpar e branquear as prendas. O traballo repetíase unha e outra vez, xa que a auga sobrante votábase por un orificio practicado na parte inferior do recipiente, recollíase e quentábase para verter de novo no recipiente. A colada duraba varias horas, en función da roupa que se tivera e o sucia que estivera, a auga que se volvía utilizar cambiábase se estaba moi sucia. Unha vez que se había terminado de colar, as prendas aclarábanse en calquera sitio ao efecto, no río, regatos, nos canles, pozos ou fontes. Ao día seguinte volvíase para aclarar e tendelas ao sol, conseguindo unha maior brancura. Deixábana alí ata o día seguinte e tras aclararse e secarse, pregábana e amoreábana evitando a formación de engurras na roupa e levábase de novo para as casas.

Para facer a colada da roupa branca, precisaban dun caldeiro para ferver a auga, un recipiente feito de barro, un pano e cinza principalmente de carballo. Esta cinza procedía da leña que se queimaba nos fogóns das casas para quentalas e cociñar. Era un artigo moi valioso, nos pobos que non dispoñían de leña de carballo ían a comprala fora. Por último, para realizar o aclarado utilizábanse lousas de madeira e artesas ou caldeiretas.

A tarefa das lavandeiras levábase a cabo para satisfacer as necesidades de limpeza da roupa usada aínda que investigando chegouse a conclusión de que os días da semana máis idóneos para esta labor, eran os luns e os venres, por que coincidían co principio da semana e o principio do fin de semana.

O transporte da roupa tanto aos ríos, regatos, arroios, lavadoiros, e dos mesmos para as casas das lavandeiras, realizábase en cestas de vimbios ou caldeiretas de metal. Estes recipientes contaban con dúas asas, con gran capacidade no interior para almacenar gran cantidade de roupa. En moitas ocasións levábano na cabeza, ou se pesaba moito levábase entre dúas lavandeiras.

A construción dos lavadoiros públicos, foi un alivio para as costas e os xeonllos de moitas mulleres e nenas que lavaban agachadas. Aínda así, nos primeiros lavadoiros as tarefas realizábanse de xeonllos, pois a altura da pía central era moi escasa, co tempo construíronse de forma que se puidese lavar de pe, facendo esta tarefa máis lavandeira.

Nun principio, os lavadoiros foron moi sinxelos, unhas poucas lousas situadas no desaugue final dunha fonte, despois do bebedoiro. Moitos foron reformados no século XIX, incorporando teitumes e pías.

Os lavadoiros de pía xeneralizáronse na segunda metade do século XX. Seguen unha tipoloxía común que se repetirá pobo tras pobo: o emprego dunha cuberta a unha auga e o uso dunha gran pía para lavar. A pía sempre ten forma rectangular, en cuxo perímetro se colocan unhas lousas de pedra ou cemento inclinadas cara o interior da pía, e que serven para fregar a roupa repetidas veces.

Como toda auténtica arquitectura popular, os materiais empregados para a construción dos lavadoiros foron: pedra granítica, ladrillo, unha combinación de ambos, e incluso co tempo algún construíuse de formigón. Os tellados adoitaban ser de estruturas metálicas, aínda que algúns foron cambiando por tellados de madeira con tella do país.

Estas novas infraestruturas construída a principios do S. XVIII e melloradas na segunda metade do século XX, comezaron a formar parte, ademais dun lugar de traballo, dun punto de encontro para as mulleres do lugar. Os lavadoiros públicos son recintos de gran contido sociolóxico e etnográfico. As mulleres alí reunidas, cantaban cancións populares, xurdían novas cantigas, refráns, lendas populares ... contaban historias dos seus antepasados, púñanse ao día dos sucesos acaecidos na vida cotiá, provocaban a súa vez novos acontecementos na vida da comunidade, contábanse confidencias,...

En definitiva, un universo propio, un espazo herdado de nais a fillas, ao longo do tempo que contribuíu á socialización das mulleres e a transmisión da cultura e da información. Os lavadoiros foron testemuñas directas da evolución de moitos pobos e aldeas.

As mulleres adoitaban saír pola mañá, e en máis dunha ocasión pasaban alí todo o día. Realizaban o camiño a pé, dende as súas casas, carrexando barreños, cestas ou caldeiros de roupa sucia.

Os lavadoiros comunais de antano, son testemuño fidedigno de maos traballadoras, de xornadas intensivas de traballo e de infinidade de fatigas de tempos xa pasados pero próximos aos nosos días.

Os lavadoiros adoitaban construírse ás aforas das aldeas e preto de pradarías que servían para tender a roupa e poñela o sol, sempre próximos a fontes, ríos ou arroios. A alimentación dos lavadoiros chegaba principalmente dende os prados próximos, mediante unha canle. O desaugue dos mesmos revertía auga cara os prados e lameiros, servindo de balsa para regadío improvisado.

Os lavadoiros empregábanse ata que chegaba a seca. Aproveitando así a escorrenta dos meses ricos en auga. En moitos casos, dividíanse en dous estanques, nun enxaboaban (este adoitábase situar na parte máis baixa) e noutro aclaraban (situado na parte alta). O redor destas pequenas pozas xeralmente de pedra, había un espazo con inclinación e ondulacións para facilitar o fregue da roupa. Co tempo fóronse cubrindo con tellado para evitar que a chuvia entorpecese o seu labor. E construíase unha pequena media caña ao final destas pedras inclinadas, para poder evacuar as augas sucias do xabón cara o exterior e así non ensuciar as augas claras da pía.

Estes lavadoiros forman parte dunha pequena mostra da arquitectura civil da zona. O seu uso perdurou ata a chegada de auga corrente ás casas. Son pegadas dun pasado rural que salpican a nosa xeografía e que mostran o labor e a perseveranza dunhas mulleres que nunca caeran no esquecemento.

Ata a introdución da auga corrente nas casas, era frecuente encontrar nos pobos as mulleres a beira dos lavadoiros onde acudían para facer a colada. Hoxe en día, a utilización de esta arquitectura popular foi limitada drasticamente pola utilización das novas tecnoloxías. Véndose relegado ao ámbito dun pasado inesquecible. Só certos pobos, como o de Valiñas continúan coa tradición, indo ao lavadoiro do pobo a lavar certas prensas, dándolle unha segunda vida á nosa arquitectura.

Partes dun lavadoiro, o conxunto do lavadoiro máis completo presenta as seguintes partes:

-**Pía central**, tamén chamado pilón ou tanque, pode ser individual ou conter dous depósitos un para o lavado e outro para o aclarado, sempre cunha separación para evitar a mestura das augas. Superficie que se ergue en medio do conxunto, abrangue diferentes dimensións dependendo das necesidades da zona onde era construído.

-**Pedra de lavar**, lousas de pedra granítica dispostas sobre fileiras do mesmo material, a súa disposición é de xeito oblicuo e a media altura para facilitar o lavado. Con superficie estriada para facilitar o fregado da roupa e a eliminación da auga. Estas lousas de pedra granítica adoitan ter no seu extremo máis oposto unha media caña que axuda a evacuar as augas sucias ao exterior. Case sempre aparecen, nos lavadoiros onde só hai unha única pía e é necesario manter as augas limpas, para levar a cabo a tarefa sen entorpecer o traballo das demais lavandeiras.

-**Bebedoiro**, pía de menor tamaño que recolle as augas sobrantes da fonte para posteriormente dar capacidade á pía central, mediante unha fenda na propia pedra. Forma parte dun importante conxunto hidrográfico popular, debido a que antigamente eran empregados para dar de beber ao ganado que chegaba a fonte.

-**Fonte** de cano ou manancial situado na cabeceira do conxunto, son os encargados de dar o recurso máis prezado para as lavandeiras, a auga.

-**Cuberta**, totalmente auxiliar do conxunto, non a atopamos en moitas ocasións. Este tellado serve para guarecer as lavandeiras dos rigores climáticos. A cuberta pode ser de placas de fibrocemento, de chapas metálicas ou te madeira revestido con tella mixta ou curva.

-**Canle** de entrada e canle de saída, a primeira une o bebedoiro co lavadoiro, as veces por unha fenta superficial outras, mediante canalización na pedra ou cemento a través de tubos de diferentes materiais. E a canle de saída é a encargada de evacuar as augas residuais . Por un lado recóllense as augas sobrantes da zona de lavar a través da media caña, nos lavadoiros que as posúan, e por outro lado dáselle saída a auga do lavadoiro a través dun sumidoiro ou unha balsa para regar.

-**Corredoiro**, superficie que bordea o conxunto, permitindo o paso das lavandeiras a todas as zonas de lavado.



Pezas todas elas imprescindibles para ter en conta este gran conxunto etnográfico. Co tempo todo foi mellorando e ampliándose a novos coñecementos a novas técnicas a novos materiais. En definitiva unha parte do noso pasado esta composta por unha parte do noso presente.

Próximo a moitos dos nosos lavadoiros atopamos as fontes. Construcións necesarias para dar unha maior vida aos lavadoiros. Distinguimos dous tipos de fontes:

Fonte de manancial como a que atopamos en Noalla de abaixo, que consiste nunha construción dun depósito no cal se estanca a auga para de este modo poder recollela con caldeiros. É unha construción cadrada de pequenas dimensións, cuberta cun telladiño. Xeralmente adoitan ser de pedra.

Fonte de cano, como son a gran maioría delas no noso concello, consisten nunha simple construción dun muro que cerra a saída do manancial, permitindo canalizar a auga a través dun cano grazas ao cal se lle da saída ao exterior. Este tipo de fontes compleméntanse cun bebedoiro e un tanque a modo de lavadoiro.

Na actualidade consérvanse en bo estado as fontes do noso concello próximas aos lavadoiros, independentemente das outras fontes que se encontren noutros puntos das aldeas e que serven de abastecemento particular , para regadío ou consumo propio.

Algunhas das fontes que presiden os lavadoiros do noso concello levan marcada unha inscrición da data na que posiblemente foran construídas. Véxase o caso do conxunto formado por fonte e lavadoiro en Vilanova e en Currás. Na fonte de Vilanova que preside ao lavadoiro aparece inscrita no seu frontal a data de 1933, e no lavadoiro de Currás, na fonte que o abastece, aparece unha inscrición que o data de 1963.

Enfermidades. A temperatura das augas, os produtos empregados, a permanencia de pé durante largas xornadas de traballo, un ambiente húmido e contaminado, xunto coa posibilidade de contaxio, eran factores que contribuían a crear problemas de saúde.

Así, xurdiron enfermidades como; gretas, entumecemento de extremidades, parestesias, insolacións, sabañóns, ou enfermidades crónicas como a reuma articular.

Os consellos para a prevención eran: abrigarse ben, sobre todo se o traballo era ao aire libre, e no verán protexer a cabeza do sol. No inverno aconsellábase cubrir as costas e os riles cun mantón. Ao terminar a tarefa debían cambiarse de roupa, secarse e entrar en calor para evitar as posibles enfermidades.

As mulleres que realizaban este traballo, debían ter unha gran fortaleza física para poder soportar as inclemencias do tempo e as condicións nas que levaban a cabo a súa tarefa, así como todos os traballos do campo que requirían da súa presenza.

En canto a cuestión da datación doa lavadoiros é moi complicada; se difícil é atopar documentación certeira sobre as fontes, non menos complicado resulta en moitas ocasións encontrala sobre os lavadoiros. Nalgúns casos, atopamos inscrita nas lousas de pedra que posúen as fontes no seu frontón unha fecha, co seu posible ano de creación. Co que nos da a entender que o lavadoiro foi construído máis tarde.

O Concello de San Cibrao das Viñas, sensibilízase con dita arquitectura popular e cos elementos culturais tradicionais da poboación. Levando a cabo a restauración dos mesmos, en colaboración con AGADER, Xunta de Galicia, e o Ministerio, e financiado con fondos do FEADER, Europa inviste no rural, programas Leader Galicia 2007-2013.

O noso Concello conta na actualidade, con dezaseis lavadoiros, repartido por os seus 39,4 km² de superficie. No 2014 levouse a cabo a rehabilitación de tres lavadoiros: o da Mioteira, o de Valiñas e o de Pazos de San Clodio. No 2013, o lavadoiro de Belmonte foi recuperado con éxito. E anos atrás, leváronse varias reformas considerables nos lavadoiros de: Soutopenedo e Laxe. Así como das fontes que forman parte do conxunto arquitectónico.

A recuperación e posta en valor de estes lavadoiros do noso concello, como un claro expoñente das manifestacións materiais da nosa cultura popular, constitúe unha extraordinaria aposta polo noso.

Nas nosas mans está que as futuras xeracións poidan coñecer e gozar do legado cultural dos nosos antepasados.

Xuntos formamos historia e xuntos recordamos a nosa historia, un pasado que honra a memoria das xentes do noso territorio, que día a día afanábanse por ter unha vida mellor.

Cada lavadoiro conta miles de historias, encerran un pasado, unhas vivencias que se transmiten de xeración en xeración.

Pedra a pedra os habitantes de cada un dos pobos do noso municipio construíron un sono, unha nova realidade naquel tempo que os manterían vivos pasados os anos. Conseguiron non pasar ao esquecemento. Fixeron posible a ampliación da nosa riqueza etnográfica. Por todo elo, debémoslle a todas esas xentes, un merecido recoñecemento poñendo a ese patrimonio herdado na mellor das condicións, restaurando e rehabilitando todos eles mantendo a súa esencia. Esencia que perdura co bulir dos anos.

A chegada da auga corrente as casas xunto coa electricidade, fixo posible o avance tecnolóxico e con el a a aparición das lavadoras. A primeira patente foi concedida en Inglaterra no ano 1691 na categoría de Máquinas de lavar e escorrer. Na Europa desenrolada occidental, a extensión da lavadora prodúcese, principalmente, despois da Segunda Guerra Mundial e xa a principios da década de 1960 convértese nun aparato cotiá.

As primeiras lavadoras eléctricas aparecerán no ano 1906. Importantes firmas industriais europeas comezan a fabricar inxentes cantidades de lavadoras. Co uso das novas tecnoloxías, a tarefa de lavar a roupa simplificouse. A partir deste momento cambiaría por completo a antiga forma de lavar para dar paso a unha auténtica revolución no eido doméstico.

O concello de San Cibrao das Viñas conta cun total de dezaseis lavadoiros repartidos por as sete parroquias, de maneira que:

-**Parroquia de Sa Ildefonso**; un lavadoiro situado na zona da Fonteboa.

-**Parroquia de San Miguel de Soutopenedo**; seis son os lavadoiros que se sitúan en Vilanova (Preto da capela da Santa Ana), outro en Soutopenedo (próximo ao cruceiro da Venda), outro en Outeiro, un en Laxe, outro en Pazos e finalmente un en Montelongo de Arriba.

-**Parroquia de Santa Comba de Gargantós**.Dous, un en Currás e o outro en Infesta.

Concello de
San Cibrao
das Viñas

Praza da Constitución nº1
San Cibrao das Viñas
32911 Ourense

web: www.sancibrao.es
mail: info@sancibrao.es
tlfn: 988381034 fax: 988381101

- **Parroquia San Andrés de Rante**. É a única parroquia do concello que non conta con esta antiga infraestrutura.

- **Parroquia de Pazos de San Clodio**. Tres, un en Valiñas outro en Belmonte e finalmente un en Pazos , este último é o único que aparece catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

- **Parroquia de Santa Cruz da Rabeda**. Conta con tres, un no Regueiral pola estrada que une A Castellana con Santa Cruz, outro na Mioteira, e un último na Carballeira.

- **Parroquia de San Salvador de Noalla**. Conta cun único lavadoiro na zona de Noalla de abaixo, próxima o manancial do freixo.

Os lavadoiros recentemente rehabilitados polo concello son: o de Pazos de San Clodio, Belmonte, Valiñas, Mioteira, Soutopenedo.

Lavadoiro

Concello de
San Cibrao
das Viñas

Praza da Constitución nº1
San Cibrao das Viñas
32911 Ourense

web: www.sancibrao.es
mail: info@sancibrao.es
tlfn: 988381034 fax: 988381101

Lavadoiro Pazos

FORNOS

Os fornos veñen desenvolvendo o derradeiro elo no proceso que ten como protagonista ao gran, que despois de ser almacenado temporalmente no canastro e moído no muíño, pasa a se transformar en pan, un dos principais piares da alimentación da Galicia Tradicional.

O forno ten unha presenza xeneralizada na economía agraria tradicional. A súa propiedade é habitualmente comunal, polo que a súa situación é debedora desta circunstancia, respondendo a un criterio de convivencia colectiva.

Clases de fornos, os fornos de pan podían ser privados ou comunais.

Os fornos de pan que eran privados pertencían deste xeito a unha casa ou unidade familiar. Estes adoitaban estar dentro da propiedade, xeralmente dentro da casa integrados na lareira. Noutras casas atopábanse no exterior, independentes ou apegados ós muros da vivenda. Este é o caso do forno de Currás.

Lavadorio

O forno comunais pertencían a tódolos veciños dunha ladea, e facíanse quendas para cocelo pan unha vez a semana. Os fornos comunais adoitaban estar no centro da aldea. Podían ter dependencias para gardala leña.

As mesas de pedra ou madeira para este fin chamábanse tendais. Estes fornos comunais eran construídos por todos os veciños que se comprometían ao seu mantemento, e se non o facían así perdían o seu dereito de uso.

Os fornos, son pequenas construcións circulares destinadas á cocción do pan, conta cunha estrutura abovedada no seu interior.

O forno comunal propio de lugares de limitada materia prima e escasos recursos económicos, centrase nunha construción independente das vivendas de uso residencial da aldea. É por isto polo que a súa construción e mantemento é unha responsabilidade colectiva, compartida solidariamente polos veciños.

O seu uso réxese polo sistema de quenda que ten por suxeito á unidade familiar, nunca a individual.

O edificio que acolle ao forno colectivo consiste polo xeral, nun edificio de planta rectangular, as máis das veces construído con cachotería de granito, cuberta a dúas augas con tella do país, e un único van. A porta de acceso, pode aparecer acompañada excepcionalmente por un pequena ventá.

A organización espacial é moi sinxela, a porta da acceso a un espazo que contén plataformas horizontais a ambos lados dos muros interiores denominados tendais, espazos destinados a darlle forma a masa.

Nun dos lados menores do edificio encóntrase o forno propiamente dito, tamén coñecido como vaso do forno, que ocupa o largo total da edificación. Trátase dunha pequena construción circular destinada a cocción do pan, conta cunha estrutura abovedada no seu interior. A estrutura do vaso do forno, de maiores dimensións no comunal, respecto do privado, componse

dunha cámara de planta circular (a capela), asentada sobre unha base de pedra construída por lousas ben traballadas de teito abovedado (lar), onde se acende o lume e se fai a cocedura do pan unha vez realizado o enfornado.

O oco de acceso ao forno ou boca, ten en ocasións unha peza saínte de pedra, chamada chapilé, que ten por obxecto impedir a subida das faíscas (laparadas que se desatan no quentamento do forno) e así evitar incendios. Continxencia que entraña grande perigo nos fornos comunais debido á doada combustión da súa teitume.

O lar prolóngase cara adiante ata formar unha plataforma que funciona a xeito de mesa, a lareira, ten por obxecto canalizar a cinza cara o depósito inferior coñecido co nome de fornalleira ou borralleira. Recóbrese por fora con pedras e barro. A parte superior do forno chámase capoeira e normalmente este lugar empregábase para almacenar leña.



TREBELLOS DO FORNO:

1. A Galla.
2. A Forquita.
3. Basoira.
4. Barredeira.
5. Rodo.

6. Pá de ferro.
7. Pá de madeira.
8. Prato da masa.

PARTES DO FORNO:

1. Capoeira.
2. Chapilé ou Bufareira (viseira rompe lapas)é unha pedra saínte na parte superior da boca do forno para deter as faíscas do lume.
3. Boca ou boqueira (porta de acceso ao interior) é a entrada ao forno, péchase con dúas portas, a interior de pedra e a exterior de madeira.
4. Lareira (pedra onde se coloca o pan) lousa de pedra situada ante a boca do forno cun burato no centro polo que se bota a cinza á borralleira.
5. Fornalleira, Borralleira ou Fornilla (cinza sobrante) oco situado baixo a lareira para xuntar nel a cinza que despois se empregaría como abono nas leiras. A miúdo contan cunha cuberta sostida por catro ou seis piares de pedra a xeito de alpendre..
6. Cámara ou Capela (interior do forno) oco onde se acende o lume e se coce o pan. Adoita ter a forma de media laranxa.
7. Buraco (interior para retirar a cinza).

O forno comunal é un espazo de ocio e convivencia privilexiado, xerador de folclore e riqueza etnográfica. As fornadas eran máis grandes, para que durase o pan ata a seguinte. Estes fornos eran construídos por toda a aldea ou por os veciños que o utilizaban.

Os fornos comunais adoitaban construírse xeralmente preto das fontes para ter a man a auga que se utilizaba para a limpeza e incluso para posibles incendios. Tamén adoitaban estar no centro da aldea para que estivesen ao alcance de todos os veciños que quixeran utilizalo.

É unha construción que evolucionou moi pouco ó longo da historia, e que aínda conserva o seu uso en moitos pobos. Servindo incluso de reunión veciñal.

Forno de A

Os fornos,a demais de servir para facer pan cun sabor único, tiñan encomendada a función de servir de refuxio para durmir, tanto para peregrinos como para mendigos, sendo este o motivo principal polo que nunca pechaban as súas portas. Ao redor dos anos 50 e 60 serviu en moitas noites frías de inverna ao acubillo de moitas persoas sen apenas recursos para subsistir.

Existían tamén fornos que pertencían a un panadeiro ou forneiro que vendía o pan que cocía nel. Destes fornos non queda constancia no noso concello, aínda que sí existiron en concellos próximos ao noso.

Elaboración do pan, na elaboración do pan, independentemente do tipo de fariña utilizada, había que seguir unha serie de pasos como son:

1º. Peneirado da fariña para eliminar as impurezas. Esta labor adoitábase facer sobre a artesa, caendo a fariña dentro da mesa.

2º. Elaboración da masa, engadindo auga morna na fariña e unhas presas de sal e amasando coas mans ou coa axuda dunha penla ou ferra botándolle logo o fermento ou isco, que adoitaba ser un anaco de masa da petada da semana anterior.

3º. Levedado da masa deixándoa na artesa ou nun cesto forrado cun pano limpo para que crecera. A masa tapábase e achegábase a un lugar quente como a lareira para que levedara máis axiña.

4º. Mentres a masa levedaba, prendíase o forno, empregando para elo xestas, toxos, leña e ata carozos ou casca de noces. Con todo elo facíase un mollo o que se lle prendía lume no interior do forno. Despois íase engadindo leña ata alcanzar a temperatura desexada para cocer o pan.

5º. Cando a masa estaba léveda, e antes de enfornar, retirábanse as brasas co rodo deixando unhas poucas xunto a porta para que non arrefriase o forno. Neste momento cortábase a masa en anacos e dábaselle a forma desexada.

6º. Enfornado das pezas que se introducían no forno, axudándose dunha pa de ferro ou de madeira. Antes de metelos no forno facíanselle marcas, buracos ou cortes para que o pan "abrise". Cando cocían varias persoas no mesmo forno cada un facía unha marca diferente.

Unha vez dentro o pan, o forno pechábase tapando as xuntas das portas con restos de masa ou con bosta mesturada con auga.

O tempo de cocción dependía da capacidade e forma do forno, do tipo de pan e da leña empregada, pero polo xeral roldaba as dúas horas. Cando o pan estaba cocido sacábase de forno e gardábase na artesa ou no galleiro.

O pan, é un alimento imprescindible e o sustento de millóns de persoas no mundo. A súa elaboración foi en tempos habitual en todas as casas galegas, aínda que agora xa non adoitamos a facer o pan nós mesmos, senón que o mercamos os panadeiros profesionais.

Ata chegar á actual industria planificadora, hai miles de empresas dedicadas ao pan en Galicia, este produto tivo unha longa historia e unha importante presenza na nosa cultura.

Orixe, provéndo do inicio das civilizacións no Oriente Próximo. Xa os hebreos e os exipcios moían gran para facer diversos tipos de pan con fariñas de millo miúdo, trigo ou sementes de loto. Aínda que serían por unha parte os gregos, os encargados de mellorar a súa elaboración. E por outra os romanos, os que perfeccionasen ó refinala fariña. A elaboración do pan, vai parella ó cultivo dos cereais precisos para a súa fabricación. Ambas actividades foron comúns en

Galicia, onde se usaba fundamentalmente centeo e millo. O pan de fariña trigo era tarefa case exclusiva dos panadeiros.

A calidade do pan depende da calidade da fariña e da mestura da mesma, do grado de fermentación e da cocción, así como da habilidade e experiencia das persoas encargadas da súa elaboración.

Hai infinidade de tipo de pan que se conseguen cambiando o tipo de cereal, mesturando varios ou engadíndolle outros ingredientes como leite, manteiga, mel, froitos,... Ademais da cantidade de formas que se pode facer con el, trenzalo, retorcelo, anoalo, roscalo,...

Partes do pan, en calquera peza temos a codia que é a parte externa e dura, é a parte máis cocida do pan envolve ao miolo. Do miolo despréndese as frangullas, migallas ou faragullas. Os tipos de pan con moito miolo están elaborados con máis auga.

Composición, 50-60% hidratos de carbono, 7%-9% de proteínas, 0.5%-1% de graxa, ademais tamén contén potasio, fósforo, calcio, magnesio, ferro, vitaminas B1 e B2.

Tipos de pan, dependendo do cereal empregado, do tamaño da peza e de cómo se elabore. As fariñas máis empregadas son o millo e o centeo, aínda que non se adoitan usalas soas, senón que se mestura a unha coa outra.

O millo, traído de América no século XVI tivo, sen embargo, unha tardía introdución en Galicia, xa que ata o século XVII non comezou o seu cultivo. De seguida se impuxo levando a case total desaparición o millo miúdo ou paínzo, cereal predominante ata entón e do que tomou o nome.

A vez que o millo, tamén se introduciu a pataca, o que supuxo unha renovación do sistema agrario galego xa que a rotación do cultivo do millo, outros cereais e a pataca fixo posible aumentalo rendemento da terra. Os cambios que xurdiron deste novo sistema tiveron como consecuencia unha mellora na produción de alimentos que derivou nun aumento da poboación galega.

A planta do millo pode chegar a alcanzar os 3 metros de altura, e ten un talo macizo do que parten longas follas lanceoladas. A mesma planta ten flores masculinas e femininas. AS masculinas nacen na parte superior, e conforman o que chamamos pendón ou candea. AS femininas florecen máis tarde e nacen entre as follas situadas a media altura. Son as que darán lugar as mazarocas. Das flores femininas saen unhas barbas de cor vermella que van ser fecundadas polo polen que caen das flores masculinas. Deste xeito comezarán a medrar os grans nas mazarocas que, unha vez maduras, estarán compostas de follas, gran e carozo.

Existen diversas variedades de millo. Actualmente a maior parte do millo cultivado en Galicia é híbrido, e dicir, cruzado con outras variedades para mellorar as súas características.

Ademais o millo diferénciase tamén polo momento en que se sementa, de xeito que temos millo temperá ou de cedo, que se sementa en inverno, e millo tardío, que se sementa no verán.

Co millo de ciclo normal, os traballos comezan en abril ou maio con sementeira. Tradicionalmente un home dirixía o arado tirado polo ganado para remover e aireala terra, mentres que unha muller espallaba tras del a semente, mentres outras persoas ían detrás cubrindo o gran con aixadas.

O remate da sementeira pasábase a grade, para que se desfixeran os terróns e deixara a veiga achanzada. Nalgúns sitios aínda pasaba despois o canizo ou caínzo para completar a tarefa.

Cando a planta medía aproximadamente unha cuarta, o que adoitaba ocorrer no mes de xuño, rareábase e cavábase, e dicir, quitábanse o exceso de plantas e as malas herbas. No mes de xullo cavábase de novo e retirábanse as malas herbas de novo, e arrimábase a terra o pe da planta. Neste momento comezaban as regas que continuaban en agosto, mes no que tamén se sementaba entre o millo a ferraña, tipo de centeo empregado para forraxe. A comezos de agosto podíase cortar os pendóns ou candelas que se usaban como alimento para o ganado. Era tamén o tempo de colocar os espantallos.

Cando o millo estaba maduro, entre agosto e setembro, os membros da casa realizaban a seitura que se podía facer de dous modos: cortando as plantas enteiras con fouciños, ou recollendo só as espigas deixando os talos no campo como esterco.

Á colleita seguíalle a esfolla, que nalgunhas zonas chamábase espulga. Se o tempo o permitía a esfolla podíase facer na propia leira. Para realizar esta tarefa, xuntábanse mozos e mozas que ían sacando coas mans as follas que rodeaban a mazaroca.

As espigas separábanse segundo as cores e, as negras ou moradas, por seres máis escasas, eran chamadas raíñas. Logo almacenábase ben no hórreo ben en restas tecidas coas follas grandes das mazarocas. Segundo a necesidade as espigas íanse debullando a man, con máquinas debulladoras ou golpeábanse con mallos.

Antes de utilizalo gran era preciso limpalo pasándoo por un cribo e aventándoo para que o deixalo caer, o vento fose levando a puxa ou muíña, pequenas partículas que se desprenden do carozo o debullalos grans. Unha vez limpo o millo gardábase nas arcas ata a hora de levalo a moer oi de darllo as galiñas.

Centeo, é un cereal moi resistente que se adapta a todo tipo de terreos de xeito que é cultivo de montaña e de terras pobres en xeral sendo moi abondoso en Lugo e Ourense.

A planta pode acadar ata 2metros de altura e dos seus finos talos saen unhas follas moi finas. As flores forman espigas alongadas conformadas por dúas ringleiras de espiguiñas máis pequenas. O grao, alongado e estreito, e de cor castaña clara.

Tradicionalmente cultivábase en barbeitos, é dicir, sementábase un ano si e noutro non, na mesma terra.

Trigo, na actualidade o trigo é o cereal máis estendido no mundo, pero en Galicia, onde se xeneralizou o seu cultivo no século IV a.c, non foi tan abondoso como o millo ou centeo e cultivábase en áreas máis ben restrinxidas.

O seu cultivo era, en moitos aspectos, parecido o so centeo. A sementeira de trigo facíase en terreos que antes tiveran millo.

O trigo é un cereal que non quere humidade polo que unha vez preparada a terra, ademais dos sucos feitos co arado para a semente, facíase outros paralelos e máis fondos que tiñan por obxecto recollela auga sobrante para que esta non afectara as plantas.

Cando o trigo comezaba a crecer, dábaselle dúas sachas para eliminalas herbas que crecían ó seu redor.

Tradicións, ó redor do pan e a súa elaboración existían diferentes ritos e crenzas.

O pan é o elemento básico e fundamental da alimentación e está asociado, na relixión cristiá, co corpo de Cristo. Por esta razón antigamente considerábase grave tiralo ó chan, botalo ó lume ou cravarlle un coitelo. Así mesmo, se se atopaba tirado debíase recoller e bicalo.

Segundo a tradición, o lume prendido por primeira vez no forno deixábase aceso durante tres días, é o que se chamaba cocelas pedras. Isto, aparte de quentalo, protexíao contra os meigallos e a influencia do demo. Por esta mesma razón a primeira fornada tiña calidades curativas contra algúns males.

MUÍÑOS

Os primeiros muíños eran manuais pero co tempo evolucionaron ata chegar ós muíños de vento e aos hidráulicos. Os muíños hidráulicos están moi presentes na nosa terra tanto se a enerxía provén da auga dos ríos, como do mar. Os muíños máis abondosos eran os dedicados a moer o gran.

Muíño de Soutopenedo

A nosa xeografía esta salpicada de muíños ó redor dos que se estableceron relacións sociais como as muiñadas ou festas nocturnas no muíño e que deixaron a súa pegada en múltiples manifestacións da nosa cultura.

O muíño podía ser de **propiedade comunal** e entón cada familia do lugar mercaba unha peza adquirindo así o dereito de uso comprometéndose tamén o seu mantemento. De **propiedade múltiple** eran tamén os muíños de herdeiros que pertencían a uns poucos veciños normalmente con vínculos de parentesco.

Había tamén muíños de propiedade privada nos que o propietario moía para os demais, cobrando diñeiro ou unha maquía (parte da fariña) polo traballo.

Se nos dirixim os cara a Boutureira, podemos apreciar como en escasos metros cadrados xúntanse dous muíños fermosísimos, traballados coa pedra da zona, e cunhas características totalmente distintas un doutro. Tomando parte do río Barbaña, estes muíños espertan a curiosidade dos visitantes. Totalmente reformadas nos últimos anos, contan con unhas instalacións aptas para o seu funcionamento, en calquera momento que se precise, porto que o río Barbaña conta en toda época do ano con abundante caudal.

Seguindo unhas das rutas da Boutureira, pronto veremos indicación dun novo muíño, pese a estar en desuso aínda conserva o teitume e parte do mobiliario preciso.

Primeiro o trigo entra nunha máquina onde perde a palla. Logo humedécese lixeiramente, antes de iniciala moedura en sí. A miúdo, esta labor lévase a cabo na propia leira.

O gran vertido na moega desprázase pola quenlla que se move de un lado a outro, seguindo o ritmo da moedura, cae a través dun orificio central da moa, e é moído entre as dúas pedras,

cuxas caras de fricción presentan unha serie de sucos ou estrías, necesarias para obter unha fariña p máis refinada posible, e así mesmo para facilitar a súa saída.

A cantidade de gran que cae entre as moas e o gran refinado da fariña depende tamén da separación das moas, que se regula subindo ou baixando a ponte, elemento sobre o que pivota o rodicio e todo o mecanismo do muíño, e que a súa vez se regula mediante o aliviadoiro.



Unha vez que se enche con gran o espazo existente entre as moas, a fariña sae ao exterior, a través do burato aberto no gardapó ou caixón (estrutura de madeira que cubre as moas en determinadas ocasións) e cae no brandoeiro. Finalmente, pasábase ó proceso de peneirado para separala flor da fariña dos farelos. Neste caso empregaban as peneiras, que aínda se conservan en moitas casas próximas aos muíños.

DESTACADO DE ENTRE O MÁIS ANTIGO AO MÁIS RECENTE:

MILIARIO

A capital municipal conta con vestixios do Século III d. J.C, entre eles un miliarios en cuxo epígrafe aparece o nome do emperador Carino, peza ben executada en letra capital rústica, con pouco frecuente o tratamento do praenomen M (arc.), onde aparecen marcadas as seguintes letras: **Mº AUR CARINO NOB CAES**.

É un fito viario tardío e soamente honorífico. Foi descuberto no 1972. Atopábase en posición vertical, coas letras invertidas, arrimado ao muro absidal embutido no piso e sostendo o retablo da capela románica do Santo Cristo.

Este miliario, xustamente encontrado con outro na parroquia de Tamallancos, parecen indicar elocuentemente a dirección dunha das máis importantes rutas transversais que cruzaban a Ponte Romana de Ourense, formando a Ruta Braga-Aquis Quarqueruis-Ourense. O miliario pódese datar do ano 282, no que aínda non era emperador Carino, aínda que o seu pai Caro, xa o había elixido César.

MARCOS

- **MARCO DA TELLEIRA**, datado posiblemente do século XX. Sitúase estratexicamente no punto onde conflúen os concellos de A Merca, Taboadela e San Cibrao das Viñas.

O lugar onde foi atopado este marco está próximo ao pobo da Telleira, de aí que reciba o seu nome.

Situación exacta mediante coordenadas ETRS89: Lon. 7°51'45.67"W Lat. 42°14'37.51"N , na beirarrúa da estrada que une San Cibrao das Viñas con a Merca, pasando pola Mezquita.

Este marco ten unhas dimensións pequenas polo que pode pasar desapercibido para o condutor que circule por esta vía. Con menos dun metro de altura, aínda que imaxinamos que máis abra soterrado baixo terra, érguese neste termo.

Esta rocha granítica remata en forma triangular, o que lle confire as tres caras, pertencentes aos lugares onde se sitúan os tres concellos a delimitar.

Por un lado ten gravada nunha das súas caras unha “T”, esta parte da rocha permanece orientada cara o concello de Taboadela. Noutra das cara, ten inscrita unha “M”, e atópase

orientado xustamente cara o Concello da Merca. Estas letras teñen un tamaño aproximado duns 13 centímetros. E no lateral que vira cara o noso concello, ten inscritas na liña superior "M.3.T" e por debaixo de esa inscrición, atopamos a C, posiblemente indicando solo o nome de Cibrao.

Esta imaxe, corresponde con unha das súas tres caras. E representa a zona que se atopa orientada cara o Concello de San Cibrao das Viñas.

- **MARCO DE MONTELONGO DE ARRIBA**

Este marco situado na entrada do pobo de Montelongo de arriba, presenta unha serie de inscricións nos tres laterais do mesmo, moi desdibuxadas co paso do tempo. Conta cun metro de altura. As súas coordenadas xeográficas son: Lon. 7°53'50.91" Lat. 42°14'31.36".

HERÁLDICA

Os vestixios da fidalguía e nobreza conservados no Concello de San Cibrao das Viñas, limítanse as actuais casas e pazos que aínda persisten ao paso do tempo, incluso as súas paredes brasonadas tamén continúan dando beleza ao conxunto.

Debido a un incendio que houbo no ano 1890 no arquivo municipal, a documentación que había referida a estas casas, as chamas destruírona.

EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS: ao facer unha valoración sobre os escudos atopados neste municipio, temos que destacar en primeiro termo o que pertenceu á familia Taboada-Zúñiga. Trátase dun escudo timbrado e adornado, partido coa cruz da Alcántara en catro cuarteis, dos que os superiores aluden aos apelidos Garza e Tor- Taboada, sendo os cuarteis inferiores de difícil interpretación. Este escudo atópase na casa soleira e pertenceu a familia de Tor.



EN VILANOVA: Casa propiedade de D. Demetrio Fabello que ten un escudo sen timbrar que leva as armas dos Enríquez, Feijoo, Losada e Cadórniga, apelidos todos eles moi abundantes nas antigas terras ourensáns. Este casa foi adquirida por D. José Nóvoa Ansias.

EN RANTE: tamén nunha fermosa casa, atopamos un escudo, moi ben coidado, con timbre de helmo mirando ao fronte, lambrequíns moi historiados, orlado por follas moi barrocas que leva as armas dos Mosquera, Nóvoa, Enríquez e dun familiar de Santo Oficio: lucero, palma e cruz.



EN SOUTOPENEDO: dous escudos moi notables. Un deles timbrado con helmo a diestra presenta catro cuarteis divididos por unha cruz de Calatrava, o primeiro e o cuarto da familia Losada, el segundo Espinosa e o terceiro Gómez Sarabia.

O outro escudo, no pazo da Torre, un aguia estendida sostén o escudo, o cal leva as armas dos Castro, seis roeles, da familia do Conde de Lemos, ademais dos cuarteis dos Enríquez e dos Novoa.



Atopamos dous interesantes escudos sen timbrar. O primeiro leva as armas de Don Ochoa de Espinosa, dúas cabras sobre un árbol sobremontadas dun aguia estendida que leva a ambos lados dous leóns rampantes. Era D. Ochoa, Abade da Trinidade (1514-1541) con xurisdición sobre o coto de San Cibrao, cuxa lápida sepulcral coa súa figura xacente en mediano vulto atópase actualmente no Museo Arqueolóxico Provincial procedente da Sacristía da Trinidade, descuberta no 1899.

O outro escudo, leva tres luceros, dúas flores de lis, dúas follas de trébol e un ave de rapina que probablemente pertenceu a outro abade da Trinidade.

Escudo no pobo de Reboredo, na parroquia de San Salvador de Noalla, sitúase na fachada da casa que foi propiedade de D. Camilo Placer. Cuartelado e ornado con follas de cardo, está timbrado coa correspondente cimera virando cara o lado diestro.

No cantón diestro do xefe, ten armas dos Salgado.

No cantón sinistro do xefe, ten un león coroado e rampante, cunha empuñadura na súa diestra que puidera ser arma de los Enríquez.

No cantón diestro da punta, presenta unha árbore.

No cantón sinistro da punta aparecen os caldeiros e as espolas da familia Puga.